

## ESCALETA PROGRAMA RADIO SAMAIN 2023

- Tock-tock...uuuuu....Chegou o Samaín, é hoxe, xa está aquí....bruxas, arañas, morcegos, pantasmas..rapazada de Mende, atentoos!!!
- Bos días, dende Radio Mende, con todos vós, Leo, Leire, Saray, Román, Angie, Noa e Rafa celebrando o Samaín.
- No noso programa de hoxe falaremos do Samaín, tradición de orixe celta con gran arraigo en toda Galicia.
- Esta celebración foi a máis importante do pobo pre-románico que habitaba as nosas terras, marcaba a fin do período das colleitas e o inicio do frío e da escuridade.
- Os ritos do Samaín significaban a pasaxe dun mundo ao outro.
- Orixinariamente, o Samaín non era precisamente unha festa de nenos con cabazas decoradas, tartas, pasteis e simpáticos disfraces monstruosos, pero...hoxe neste equipo somos moi larpeiros e.. imos aproveitar este día para falar das receitas típicas desta celebración.
- Ummm, conta, conta, queremos aprender
- Para comezar unha Momia de salchicha.
- E como se prepara iso?
- Pois pode ser un aperitivo ou entrante que tamén pode ser unha deliciosa cea. Para facela debes rodear unha salchicha con masa de pizza e logo ao forno.
- Iso vai estar para lamber os fociños
- Agarda que aínda hai máis, atentos!!
- A seguinte...Morcegos con queixo e nachos. Precisarades o queixo para facer o corpo e cos nachos faredes as ás do morcego.
- E aínda hai outras larpeiradas que meten medo. Conta, conta
- Pois unhas Galletas de araña. Para facelas entre dúas galletas poredes manteiga e empregando regaliz facedes as patas.
- Para rematar outra recetiña, uuuuu
- Sii, uns Brownies pantasma. Son unhas pantasmas cun corpo de chocolate e unha folla de queixo con laranxa.
- Despedimos o programa desexándovos unha noite terrorífica auuuu
- Ata o próximo programa